

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN RAÍCES DO VENTO

CAPÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Denominación e natureza

Coa denominación de “RAÍCES DO VENTO” constitúese unha asociación sen ánimo de lucro, ao amparo do disposto no artigo 22 da Constitución española, na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e demais normativa aplicable.

Artigo 2. Personalidade xurídica e capacidade

A asociación ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3. Domicilio social

A asociación establece o seu domicilio social na rúa [REDACTED], nº [REDACTED], localidade [REDACTED], C.P. 27271, concello Castro de Rei, correo electrónico raicesdovento@gmail.com e páxina web www.raicesdovento.org.

Artigo 4. Ámbito territorial de actuación

O ámbito territorial no que a asociación desenvolverá principalmente as súas actividades é a provincia de Lugo, sen prexuízo de poder actuar en calquera punto da Comunidade Autónoma de Galicia, e mesmo fóra dela cando resulte necesario, sempre que os feitos, actuacións, proxectos ou causas que motiven a súa intervención garden relación cos fins estatutarios da asociación.

Artigo 5. Duración

A asociación constitúese por tempo indefinido e rexerase segundo os principios democráticos contidos na Constitución e no resto do ordenamento xurídico.

Artigo 6. Fins

1. Son fins da asociación:

- a) A defensa, protección, conservación e promoción da vida no rural galego e dos valores sociais, culturais, comunitarios e territoriais que lle son propios.
- b) A defensa e posta en valor dos usos, costumes, saberes, actividades e formas de vida tradicionais vinculadas ao medio rural.
- c) A protección, conservación, estudo e difusión do patrimonio natural, paisaxístico, material, inmaterial, histórico e etnográfico, así como da biodiversidade, dos ecosistemas e dos equilibrios ecolóxicos asociados ao territorio.
- d) A prevención, estudo, análise, denuncia e defensa fronte a actuacións, plans, proxectos, obras, instalacións ou actividades que poidan provocar deterioro, alteración ou perda dos valores naturais, paisaxísticos, patrimoniais, culturais ou sociais do medio rural, especialmente cando poidan comprometer a conservación do territorio, a identidade rural e a continuidade das formas de vida tradicionais.

e) A promoción da participación cidadá, da información pública, da sensibilización social e da colaboración con outras entidades e coas administracións públicas ou privadas na defensa do territorio e dos bens xurídicos, ambientais, patrimoniais, culturais e sociais relacionados cos fins da asociación.

f) A defensa dos intereses colectivos das veciñas e veciños afectados por actuacións que incidan negativamente sobre o territorio, a paisaxe, o patrimonio, o medio natural ou a calidade de vida no medio rural.

g) A promoción da implicación activa das persoas asociadas na proposta, organización, desenvolvemento e apoio das actividades da asociación, de acordo cos principios de participación democrática e funcionamento asembleario.

2. Para o cumprimento dos seus fins, a asociación poderá desenvolver, entre outras, as seguintes actividades:

a) Actividades informativas, formativas, divulgativas, culturais e de sensibilización social e ambiental.

b) Elaboración de estudos, informes, propostas, campañas e accións de documentación, análise e investigación.

c) Presentación de alegacións, recursos, denuncias, reclamacións, solicitudes e demais actuacións ante organismos públicos ou privados, así como o exercicio das accións administrativas, contencioso-administrativas, civís ou penais legalmente procedentes.

d) Organización de reunións, xornadas, charlas, encontros e demais actividades de participación social e comunitaria.

e) Establecemento de relacións de colaboración e coordinación con persoas, colectivos, plataformas e entidades que compartan fins semellantes.

Os beneficios que, se é o caso, se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento destes fins, sen que poidan repartirse entre as persoas asociadas nin entre terceiras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

CAPÍTULO II: DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 7. Requisitos

1. Para adquirir a condición de persoa asociada requírese ser persoa física ou xurídica de carácter asociativo ou sen ánimo de lucro, e ter interese no desenvolvemento dos fins da asociación.

2. As persoas físicas deberán ser maiores de idade, menores emancipadas con plena capacidade de obrar, ou menores de máis de catorce anos nos termos previstos na lexislación vixente.

3. As persoas menores de máis de catorce anos non emancipadas precisarán o consentimento documentalmente acreditado das persoas que deban suplir a súa capacidade.

4. As persoas xurídicas de natureza asociativa requirirán acordo expreso do órgano competente, e as de natureza institucional, acordo do seu órgano reitor.

Artigo 8. Clases de persoas asociadas

Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de persoas asociadas:

- a) Fundadoras, aquelas que subscribiron a acta fundacional.
- b) De número, aquelas que ingresen con posterioridade á subscrición da acta fundacional.
- c) De honra, aquelas que, polos seus méritos persoais ou profesionais, ou por teren contribuído de xeito relevante ao desenvolvemento da asociación, sexan nomeadas pola asemblea xeral.

Artigo 9. Perda da condición de persoa asociada

1. A condición de persoa asociada pérdese por algunha das seguintes causas:

- a) Por vontade propia, mediante renuncia presentada por escrito ante a xunta directiva, dirixida á secretaría da asociación. A renuncia producirá efectos desde a data da súa presentación.
- b) Por falta de pagamento de 1 cota, logo do acordo adoptado pola xunta directiva e da súa notificación á persoa interesada.
- c) Por incumprimento dos presentes estatutos ou dos acordos validamente adoptados polos órganos da asociación, así como pola realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación.
- d) Por falecemento da persoa física ou pola extinción da persoa xurídica.

2. A persoa que perdese a condición de asociada por falta de pagamento poderá ser rehabilitada se, no prazo de seis meses desde a notificación, aboase as cotas pendentes.

3. A expulsión nos supostos previstos nas letras b) e c) deste artigo será acordada pola xunta directiva, logo da audiencia da persoa interesada. O acordo deberá ser ratificado pola asemblea xeral extraordinaria. Contra a resolución adoptada poderá recorrerse ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 10. Dereitos

1. As persoas asociadas teñen os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades da asociación.
- b) Ser electoras e elixibles para os cargos dos órganos de goberno e representación.

- c) Participar nas asembleas con voz e voto.
- d) Recibir información sobre a composición dos órganos de representación da asociación, o seu estado de contas e o desenvolvemento da súa actividade.
- e) Acceder á documentación da asociación a través dos órganos de representación.
- f) Ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas e ser informadas dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
- g) Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estimen contrarios á lei ou aos estatutos.
- h) Propoñer, promover, organizar e coordinar actividades relacionadas cos fins da asociación, así como sometelas á consideración dos órganos competentes para a súa aprobación. A súa realización en nome da asociación requirirá a aprobación previa da asemblea xeral ou da xunta directiva, cando esta actúe no ámbito das súas competencias ou por delegación daquela.

2. Non poderán exercer o dereito de sufraxio activo e pasivo as persoas asociadas que non estean ao día no pagamento das cotas sociais.

3. As persoas asociadas de honra poderán asistir ás asembleas con voz, pero sen voto, non poderán formar parte dos órganos de representación e estarán exentas das obrigas económicas que, de ser o caso, se establezan.

Artigo 11. Obrigas

Son obrigas das persoas asociadas:

- a) Cumprir os presentes estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
- b) Pagar as cotas que, de conformidade cos estatutos, se establezan.
- c) Colaborar activamente no desenvolvemento das actividades da asociación.
- d) Desempeñar as obrigas inherentes aos cargos para os que foron elixidas.
- e) Asistir ás asembleas e demais actos organizados pola asociación ou ter o dereito.
- f) Non actuar en nome da asociación nin atribuírse a súa representación sen acordo, autorización ou mandato previo do órgano competente.

CAPÍTULO III: DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 12. Organización da asociación

O órgano supremo de goberno da asociación é a asemblea xeral, e o órgano de representación é a xunta directiva, que adoptarán os seus acordos de

conformidade cos principios de maioría e democracia interna.

Artigo 13. Asemblea xeral

A asemblea xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e estará integrada por todas as persoas asociadas.

Artigo 14. Reunións: clases e convocatoria

1. As reunións da asemblea xeral poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

A asemblea xeral ordinaria reunirase, cando menos, unha vez ao ano, dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio económico.

A asemblea xeral extraordinaria reunirase cando as circunstancias o aconsellen, cantas veces o acorde a xunta directiva, ou cando o soliciten por escrito, cando menos, o dez por cento das persoas asociadas.

2. As convocatorias realizaranse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora da reunión, así como a orde do día. Entre a notificación ou publicación da convocatoria e a data da celebración da asemblea en primeira convocatoria deberá mediar un prazo mínimo de quince días naturais, podendo convocarse de maneira urxente, de xeito excepcional, no prazo de 24 horas baixo a proposta da xunta directiva ou o 10% dos socios; ratificada esa urxencia como primeiro punto da orde do día.

3. A documentación e información relativas ás materias incluídas na orde do día estarán á disposición das persoas asociadas na secretaría da asociación cunha antelación mínima de quince días naturais á celebración da asemblea.

Artigo 15. Constitución e quórum

As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran, presentes ou representadas, a metade máis un das persoas asociadas con dereito a voto, e en segunda convocatoria, media hora despois, calquera que sexa o número de persoas asistentes con dereito a voto.

En todo caso, deberán estar presentes as persoas que exerzan a presidencia e a secretaría, ou quen as substitúan.

A asemblea xeral poderá convocarse, constituírse, celebrar as súas sesións e adoptar acordos de forma presencial ou a distancia.

Nas sesións celebradas a distancia, as persoas participantes poderán atoparse en distintos lugares, sempre que se asegure por medios electrónicos, incluídos os telefónicos e audiovisuais, a súa identidade, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante toda a sesión.

Consideraranse medios válidos, entre outros, o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.

Nas reunións a distancia, os acordos entenderanse adoptados no domicilio

social da asociación.

Artigo 16. Facultades da asemblea xeral ordinaria

Serán competencias da asemblea xeral ordinaria:

- a) Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- b) Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos de cada exercicio, así como o plan de actividades.
- c) Examinar e aprobar, se é o caso, as cotas das persoas asociadas, por proposta da xunta directiva.
- d) Elixir e cesar as persoas integrantes da xunta directiva.
- e) Aprobar a incorporación da asociación a federacións, confederacións ou unións, así como a súa separación delas.
- f) Solicitar a declaración de utilidade pública.
- g) Aprobar o regulamento de réxime interno.

Artigo 17. Facultades da asemblea xeral extraordinaria

Serán competencias da asemblea xeral extraordinaria:

- a) Modificar os estatutos da asociación.
- b) Acordar a transformación da asociación.
- c) Acordar a fusión da asociación.
- d) Acordar a disolución da asociación e designar as persoas liquidadoras.
- e) Resolver aqueles asuntos que, sendo competencia da asemblea xeral ordinaria, non poidan agardar pola súa convocatoria por razóns de urxencia ou necesidade.
- f) Todas aquelas que non estean expresamente atribuídas á asemblea xeral ordinaria ou á xunta directiva.

Artigo 18. Adopción de acordos

1. Os acordos da asemblea xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen os negativos, sen que sexan computables para estes efectos os votos nulos, en branco nin as abstencións.

2. Será necesaria a maioría absoluta das persoas presentes ou representadas para a adopción dos seguintes acordos:

- a) Designación das persoas integrantes da xunta directiva.
- b) Acordo para constituír federacións ou integrarse nelas, así como para

separarse delas.

c) Disolución da asociación.

d) Modificación dos estatutos, incluído o cambio de domicilio social.

e) Disposición ou alleamento de bens.

f) Remuneración das persoas que integran os órganos de representación.

3. Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas asociadas, incluídas as non asistentes, sen prexuízo dos dereitos de impugnación legalmente previstos.

Artigo 19. A xunta directiva: composición

1. A xunta directiva é o órgano de representación da asociación e encárgase de xestionar e representar os seus intereses, de acordo coas disposicións e directrices da asemblea xeral.

Estará formada por: presidencia, vicepresidencia, secretaría, tesouraría e vogalías, designadas pola asemblea xeral entre as persoas asociadas maiores de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís e que non estean incursas en causa de incompatibilidade legalmente establecida.

2. A duración do seu mandato será de 2 anos, podendo as súas integrantes ser obxecto de sucesivas reeleccións.

3. Os cargos da xunta directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificados en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa asociación.

4. Os cargos da xunta directiva cesarán por algunha das seguintes causas:

a) Morte ou declaración xudicial de falecemento.

b) Incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido no ordenamento xurídico.

c) Resolución xudicial.

d) Renuncia voluntaria.

e) Perda da condición de persoa asociada.

f) Incumprimento das obrigas que tivesen encomendadas.

g) Transcurso do período do seu mandato. Neste caso, e mentres non se proceda á elección dunha nova xunta directiva, a anterior continuará en funcións ata a toma de posesión das novas persoas titulares.

5. De producirse vacantes na xunta directiva, estas poderán ser cubertas provisionalmente entre as restantes persoas integrantes ata a súa ratificación

ou elección definitiva pola asemblea xeral.

Artigo 20. Reunións e acordos

1. A xunta directiva será convocada pola presidencia, por iniciativa propia ou por solicitude de calquera das súas persoas integrantes.
2. Para a súa válida constitución deberán estar presentes, cando menos, a metade máis unha das persoas que a integran e, en todo caso, as titulares da presidencia e da secretaría, ou quen as substitúan.
3. Os acordos da xunta directiva adoptaranse por maioría simple das persoas asistentes. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da presidencia.
4. A xunta directiva poderá convocarse, constituírse, celebrar as súas sesións e adoptar acordos de forma presencial ou a distancia.

Nas sesións celebradas a distancia, as persoas integrantes da xunta directiva poderán atoparse en distintos lugares, sempre que se asegure por medios electrónicos, incluídos os telefónicos e audiovisuais, a súa identidade, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante toda a sesión.

Consideraranse medios válidos, entre outros, o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.

Nas reunións a distancia, os acordos entenderanse adoptados no domicilio social da asociación.

Artigo 21. Facultades da xunta directiva

Corresponden á xunta directiva as seguintes facultades:

- a) Impulsar, coordinar e executar as actividades da asociación, así como canalizar e apoiar as iniciativas propostas polas persoas asociadas, de conformidade cos acordos da asemblea xeral.
- b) Levar a xestión administrativa e económica da asociación.
- c) Executar os acordos da asemblea xeral.
- d) Someter á aprobación da asemblea xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do exercicio anterior.
- e) Convocar as asembleas xerais e fixar a data da súa celebración.
- f) Propoñer á asemblea xeral o establecemento das cotas ordinarias e extraordinarias.
- g) Designar as comisións de traballo ou seccións que se consideren oportunas para o mellor funcionamento da asociación.
- h) Ditar normas internas de organización e exercer cantas funcións non estean

expresamente atribuídas á asemblea xeral.

- i) Resolver as solicitudes de ingreso de novas persoas asociadas.
- j) Propoñer á asemblea xeral o plan anual de actividades e impulsar e dirixir a súa execución.
- k) Instruír e resolver os procedementos disciplinarios, sen prexuízo da ratificación pola asemblea xeral extraordinaria nos casos previstos nestes estatutos.
- l) Autorizar, supervisar e apoiar as actividades propostas polas persoas asociadas, sempre que sexan conformes cos fins da asociación e cos acordos dos seus órganos de goberno.
- m) Propoñer ou acordar, segundo corresponda, a contratación de servizos profesionais, técnicos, xurídicos ou periciais necesarios para o cumprimento dos fins da asociación, con cargo aos seus recursos e de conformidade cos acordos da asemblea xeral e coas competencias propias da xunta directiva.

Artigo 22. Obrigas documentais

A asociación disporá dos seguintes documentos, que estarán á disposición das persoas asociadas:

- a) Unha relación actualizada das persoas asociadas.
- b) Unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como das actividades realizadas, de conformidade coa normativa aplicable.
- c) Un inventario dos seus bens.
- d) Un libro de actas das reunións dos seu órgano de goberno.

Artigo 23. Presidencia

A persoa titular da presidencia terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente a asociación perante toda clase de organismos públicos ou privados.
- b) Convocar e presidir as sesións da xunta directiva e da asemblea xeral, dirixir as súas deliberacións e decidir con voto de calidade nos casos de empate.
- c) Executar e facer cumprir os acordos validamente adoptados pola xunta directiva e pola asemblea xeral.
- d) Ordenar os pagamentos validamente acordados.
- e) Asinar, xunto coa persoa titular da secretaría ou coa persoa da xunta directiva que corresponda, as actas, certificacións e demais documentos da asociación.

Artigo 24. Vicepresidencia

A persoa titular da vicepresidencia substituirá á presidencia nos casos de ausencia, enfermidade, vacante ou imposibilidade, e poderá exercer ademais aquelas funcións que lle sexan delegadas pola presidencia, pola xunta directiva ou pola asemblea xeral.

Artigo 25. Secretaría

1. Corresponden á persoa titular da secretaría as seguintes funcións:

- a) Tramitar as solicitudes de ingreso na asociación e formalizar as inscricións de altas e baixas das persoas asociadas.
- b) Efectuar as convocatorias das reunións por orde da presidencia.
- c) Redactar e custodiar as actas das reunións dos órganos da asociación.
- d) Expedir certificacións dos acordos adoptados, co visto e prace da presidencia.
- e) Custodiar os libros, documentos e arquivo da asociación.
- f) Levar e manter actualizada a relación de persoas asociadas.
- g) Redactar, se é o caso, o inventario de bens da asociación.
- h) Cumprir as demais obrigas documentais que correspondan legalmente á asociación.

2. Nos casos de ausencia, enfermidade, vacante ou imposibilidade, a persoa titular da secretaría será substituída por outra persoa integrante da xunta directiva designada pola presidencia.

Artigo 26. Tesouraría

1. Corresponden á persoa titular da tesouraría as seguintes funcións:

- a) Recadar, custodiar e administrar os fondos da asociación, de conformidade cos acordos adoptados polos órganos competentes.
- b) Efectuar os cobros e pagamentos que correspondan á actividade da asociación.
- c) Levar a contabilidade da asociación.
- d) Elaborar o anteproxecto de orzamento anual para a súa presentación á xunta directiva.
- e) Formular as contas anuais e o estado de contas do exercicio para a súa aprobación polos órganos correspondentes.
- f) Intervir, coa súa sinatura e co visto e prace da presidencia, os documentos de cobros e pagamentos, cando así proceda.

g) Exercer cantas funcións sexan inherentes á xestión económica e financeira da asociación.

Artigo 27. Vogalías

As persoas titulares das vogalías terán as obrigas propias do seu cargo e aquelas outras funcións que lles sexan encomendadas pola xunta directiva ou pola asemblea xeral, tales como a realización de programas, informes e estudos de carácter xeral ou referidos a áreas concretas de actuación da asociación.

CAPÍTULO IV: RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 28. Patrimonio inicial e exercicio económico

A asociación, no momento de iniciar as súas actividades, dispón dun patrimonio inicial de 0 euros.

O exercicio económico coincidirá co ano natural e pecharase o día 31 de decembro de cada ano.

Artigo 29. Recursos económicos

A asociación manterase cos seguintes recursos:

- a) As cotas periódicas das persoas asociadas.
- b) As cotas extraordinarias que propoña a xunta directiva e sexan aprobadas pola asemblea xeral.
- c) As doazóns, subvencións, legados ou achegas que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- d) Os ingresos que poidan obterse polo desenvolvemento das actividades da asociación.
- e) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para entidades sen ánimo de lucro.

Artigo 30. Contas anuais

1. Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico, elaboraranse as contas anuais, expresivas da situación patrimonial, económica e financeira da asociación, así como unha memoria das actividades realizadas.

Esta documentación estará á disposición das persoas asociadas durante un prazo non inferior a quince días naturais anteriores ao sinalado para a súa aprobación pola asemblea xeral.

2. A xunta directiva levará os correspondentes libros de contabilidade, que permitan obter unha imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da asociación.

Artigo 31. Destino dos ingresos aos fins da asociación

Como entidade sen ánimo de lucro, os beneficios obtidos derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos,

destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación.

En ningún caso estes beneficios poderán ser repartidos entre as persoas asociadas nin entre terceiras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

CAPÍTULO V: DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 32. Regulamento de réxime interno

Por acordo da asemblea xeral poderá aprobarse un regulamento de réxime interno, que desenvolverá aquelas materias non previstas directamente nestes estatutos.

O funcionamento interno da asociación axustarase ao disposto nos presentes estatutos, no regulamento de réxime interno, se o houber, e na normativa aplicable.

CAPÍTULO VI: DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 33. Disolución

A asociación disolverase polas seguintes causas:

- a) Por acordo adoptado pola asemblea xeral extraordinaria coa maioría cualificada prevista nestes estatutos.
- b) Polas causas determinadas no artigo 39 do Código civil.
- c) Por sentenza xudicial firme.
- d) Por calquera outra causa legalmente establecida.

Artigo 34. Liquidación

1. Acordada a disolución da asociación, abrírase o período de liquidación, ata o fin do cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica.

2. As persoas integrantes da xunta directiva no momento da disolución quedarán convertidas en liquidadoras, salvo que a asemblea xeral designe expresamente outras persoas, ou que a autoridade competente dispoña outra cousa.

3. Corresponde ás persoas liquidadoras:

- a) Velar pola integridade do patrimonio da asociación.
- b) Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
- c) Cobrar os créditos da asociación.
- d) Liquidar o patrimonio e pagar ás persoas acreedoras.
- e) Dar ao haber resultante o destino previsto nos estatutos ou no acordo de disolución, sen desvirtuar en ningún caso a natureza non lucrativa da

asociación.

f) Solicitar a baixa da asociación e a cancelación dos asentos rexistrados.

4. O patrimonio resultante, unha vez satisfeitas as obrigas pendentes, destinarase a outra entidade sen ánimo de lucro que persiga fins análogos ou de interese xeral.

5. Á solicitude de inscrición da disolución no rexistro acompañarase o xustificante acreditativo do destino dado aos bens resultantes da liquidación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o non previsto nos presentes estatutos será de aplicación a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e demais disposicións complementarias.

En Ludrio , a 2 de Xullo de 2026.